



**ANEXO II. SOLICITUDE DE DE AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NA AXUDA Á DESTILACIÓN DE CRISE  
ARTIGO 3 DO REGULAMENTO DELEGADO (UE) 2020/592**

**DATOS DO DESTILADOR**

Nome do axente económico			
NIF do axente económico			
Enderezo social			
Localidade		Código postal	
Provincia		Teléfono	
Correo electrónico			
Código de actividade e do establecemento do destilador (CAE)			

D/D<sup>a</sup>..... co DNI.....,  
en calidade de..... do destilador arriba sinalado, e con poderes suficientes para  
obligarse en nome do mesmo,

**DECLARO:**

**Primeiro.-** Que coñece o disposto no Regulamento Delegado (UE) 2020/592 da Comisión, o Regulamento Delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, o Regulamento Delegado (UE) 2016/1149 da Comisión e o Regulamento Execución (UE) 2016/1150 da Comisión, así como o resto da normativa comunitaria, nacional e autonómica, e acepta cumprila en todos os seus termos.

**Segundo.-** Que quere participar como destilador autorizado no réxime de axuda á destilación de crise, para levar a cabo a destilación de viño a granel producido en territorio nacional, transformación que realizará pola súa conta.

**Terceiro.-** Que se compromete a facilitar toda a documentación e información que se requira para xustificar que o alcol que resulte da destilación ao que se pode conceder axuda utilizarase exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos.

**Cuarto.-** Que se obriga a levar contas separadas dos distintos tipos de produtos entregados comprometéndose a realizar as comunicacións que se establezan na normativa e a remitir á autoridade competente todos aqueles partes ou informes que determine a mesma.

**Quinto.-** Que está disposto a someterse a cantas inspeccións téñase a ben realizar designando para o efecto como persoas que poden subscribir as actas correspondentes e obrigarse en nome do destilador.

**Sexto.-** Que está dado de alta no rexistro territorial da Oficina Xestora de Aduanas e Impostos Especiais e no Rexistro de Industrias Agroalimentarias, o que demostra coa documentación que achega.

**Sétimo.-** Que dispón de instalacións adecuadas para realizar a destilación no tempo, forma e calidade requiridos pola normativa.

**Oitavo.-** Que se compromete a entregar copia dos contratos e xustificantes de entrega aos produtores, así como pagar integramente a estes a axuda que se conceda ao transporte cando a destilería se atope a máis do 150 km da adega ou almacén do produtor.

**Noveno.-** Que se compromete a entregar un documento acreditativo da constitución dunha garantía por un importe igual ao 110 % da axuda solicitada xunto coa solicitude de axuda.

E, en base a todo iso,

**SOLICITO:**

A autorización prevista no artigo 4 do Real Decreto 557/2020 para actuar como destilador autorizado no marco da destilación de crise do artigo 3 do Regulamento Delegado (UE) 2020/592. Para iso, acompáñase a seguinte documentación:

- En caso de persoas físicas, fotocopia do DNI ou autorización da autoridade competente da tramitación da solicitude a través do sistema establecido para verificar a identidade.
- Copia da tarxeta de identificación fiscal, escritura de constitución ou estatutos da entidade debidamente inscritos no rexistro correspondente, así como, no seu caso, as modificacións posteriores.
- No caso de que a solicitude se faga a través dun representante, documento que o acredita como tal.
- Certificado expedido pola Oficina Xestora de Impostos Especiais autorizando o seu funcionamento, de acordo co establecido no artigo 40 do Real Decreto 1165/95.
- Copia do Rexistro de Industrias Agroalimentarias ou o rexistro correspondente da súa comunidade autónoma.
- Documento que acredite o seu Código de actividade e establecemento do destilador (CAE).
- Xustificante do último pago do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).
- Copia do certificado que acredite a verificación das básculas..

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

Director do Fogga (Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas)  
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños  
15781 Santiago de Compostela

O tratamento dos datos persoais contidos no presente documento realizarase de acordo ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.